



ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Cortegada sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola concesión de licenzas e outros servizos urbanísticos, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

Artigo 1. Fundamento e réxime xurídico

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido no artigo 20.4.h) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, régúlase mediante esta ordenanza fiscal a taxa pola prestación do servizo de outorgamento de licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana e a expedición doutros documentos de carácter urbanístico.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización da actividade municipal, técnica ou administrativa tendente a verificar os actos de edificación e uso do solo que haxan de realizarse dentro do termo municipal, para determinar se se axustan á normativa sobre solo e ordenación urbana, suxeitos a licenza ou comunicación previa, así como a expedición doutros documentos de carácter urbanístico.

Artigo 3. Suxeito pasivo

- 1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunden as prestacións ás que se refire esta ordenanza.*
- 2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas pola tramitación de expedientes de solicitude de licenza ou de comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo, os construtores e contratistas de obra.*

Artigo 4. Responsables

- 1. Responden solidariamente das obrigas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*
- 2. Responderán de forma subsidiaria das obrigas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Artigo 5. Exencións e bonificacións



Concello de Cortegada

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción desta taxa, agás as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, dacordo coas tarifas, que contén o artigo seguinte.

2.- A cota tributaria corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final.

Artigo 7. Tarifas

1. As tarifas ás que se refire o artigo anterior, segundo a natureza do expediente a tramitar, son as seguintes:

- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenza ou de comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo, cun orzamento de execución material de ata 3.000,00 €: 15,60 €*
- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenza ou de comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo, cun orzamento de execución material igual ou superior a 3.000,01 €: 36,40 €*
- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenzas de obra maior: 52,00 €*
- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenzas de demolición: 36,40 €*
- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenzas de parcelación, segregación, división ou agregación: 36,40 €*
- *Por tramitación de expedientes de solicitude de licenzas de primeira ocupación: 36,40 €*
- *Por informes urbanísticos: 20,80 €*
- *Por certificacións urbanísticas: 20,80 €*

*2. No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, **ao transcurso de 15 días hábiles nos casos de comunicación previa**, ou á expedición do documento solicitado, as cotas a liquidar serán o 20 por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.*

3. Estas tarifas poderanse actualizar anualmente conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC). Para estes efectos, antes do 31 de decembro de cada ano publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, as contías que resultaren e que serán aplicables dende o día primeiro de xaneiro do ano seguinte.

Artigo 8. Devengo

*A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír no momento en que se inicia a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, **entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da comunicación previa, da oportuna solicitude de licenza urbanística, ou da solicitude de expedición doutros documentos de carácter urbanístico.***

Artigo 9. Liquidación e ingreso

*1. A presente taxa esixirase en réxime autoliquidación. Ao efecto, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante do ingreso da cota tributaria ao mesmo tempo que **presenta a comunicación previa, a solicitude de licenza urbanística, ou a solicitude de expedición doutros documentos de carácter urbanístico.** Non se comezará a tramitación de expediente ningún sin que obre a necesario xustificación do pagamento da taxa.*

2. A obriga de contribuír non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante despois de concedida esta.



Concello de Cortegada

3. A Administración local, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, tras a comprobación destes e das autoliquidacións presentadas, practicará, no seu caso, as correspondentes liquidacións definitivas, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle a cantidade diferencial que resulte.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En todo o referente á cualificación de infraccións tributarias e ás sancións que lles correspondan rexerá o disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e a desenvolvan.

Disposición derogatoria

Á entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal da taxa por expedición de documentos administrativos aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de outubro de 1989 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 28 de decembro.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Cortegada, a 30 de maio de 2014.

O Alcalde,
Asdo. Avelino Luis de Francisco Martínez

ESTE DOCUMENTO ASÍNASE ELECTRONICAMENTE